

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS  
EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA  
DIXITAL**

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as doce horas e doce minutos do día vinte e dous de marzo do ano dous mil vinte e catro, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Dona María Pilar Ramallo Vázquez  
Don Roberto José Álvarez Carrero  
Dona Luisa María Sánchez Méndez  
Don Rafael Domínguez Artíme  
Don Jorge Cubela López  
Don José Carlos López Campos  
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso  
Dona María Nava Castro Domínguez  
Don Jesús Vázquez Almuiña  
Dona Ana Laura Iglesias González  
Don Carlos Gómez Prado  
Dona Digna Rosa Rivas Gómez  
Don Juan Francisco Ferreira González  
Don Gregorio Luis Agís Gómez  
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez  
Dona Beatriz Lomba Rodríguez  
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidenta da Comisión Informativa Dona María Pilar Ramallo Vázquez, actuando como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 16 de febreiro de 2024  
**(Exp. n. 2023057882).**

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día dezaseis de febreiro de dous mil vinte e catro.

2. Dar conta da resolución provisional de aprobación do proxecto "A importancia da sustentabilidade ambiental e socioeconómica das Rías Baixas como motor



da economía azul en contornas de Rede Natura 2000 (+RÍAS)" no marco da Convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento da economía azul e o impulso da sustentabilidade pesqueira e acuícola, no marco do Programa Pleamar, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) en 2023. (**Expte. 2024003061**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

3. Dar conta da presentación dos proxectos "GO CASTASAN: Innovación no control da podremia da castaña a partir de residuos industriais vexetais" e "KIWI-SENS: Sistema integral de monitorización de cultivo mediante o uso de tecnoloxías IoT de baixo custo e intelixencia artificial para a mellora da xestión e optimización do kiwi en Galicia" no marco da Convocatoria de axudas para a execución de proxectos innovadores dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI). .(**Exptes. 2024008219 e 2024010071**).

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

4. Dar conta da aprobación da I Addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cambados para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina de Cambados da Rede SmartPeme Pontevedra, para a ampliación da vixencia do convenio ata o 20 de febreiro de 2026 (**Expte. nº 2024009616**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

5. Dar conta da aprobación da II Addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Estrada para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina da Estrada da Rede SmartPeme Pontevedra, para a ampliación da vixencia do convenio ata o 20 de febreiro de 2026 (**Expte. nº 2024009617**).

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

6. Dar conta da aprobación da II Addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello Ponteareas para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina de Ponteareas da Rede SmartPeme Pontevedra, para a ampliación da vixencia do convenio ata o 20 de febreiro de 2026 (**Expte. 2024009618**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.



7. Dar conta da aprobación da Aprobación da I Addenda ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de o Porriño para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina o Porriño da Rede SmartPeme Pontevedra, para a ampliación da vixencia do convenio ata o 20 de febreiro de 2026 (**Expte. 2024009619**).

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

8. Dar conta da aprobación do Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica, cuxo fin é regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais para a prestación de servizos de administración electrónica, co obxectivo de asegurar o cumprimento da normativa básica en administración electrónica a través do acceso e uso das ferramentas tecnolóxicas. (**Expte. 2024005572**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

9. Dar conta da aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Soutomaior para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, cuxo fin é dispoñer dunha ferramenta informática de xestión do Padrón Municipal. (**Expte 2021066011**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

10. Dar conta da celebración do primeiro pleno coa nova ferramenta que permite a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno da Deputación de Pontevedra. (**Expte. 2023055249**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

**11. Rogos e preguntas.**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dezasete minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. A PRESIDENTA

